



| Guía Docente          |  |                    |                      |          |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                      | 2019/20  |
| Asignatura (*)        | Orientación e políticas de emprego   | Código             | 652G03031            |          |
| Titulación            | Grao en Educación Social   |                    |                      |          |
| Descritores           |  |                    |                      |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                 | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Terceiro           | Optativa             | 6        |
| Idioma                | Galego   |                    |                      |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                      |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                      |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación   |                    |                      |          |
| Coordinación          | Perea Vega, Gustavo Ariel  | Correo electrónico | gustavo.perea@udc.es |          |
| Profesorado           | Perea Vega, Gustavo Ariel  | Correo electrónico | gustavo.perea@udc.es |          |
| Web                   | www.udc.es/fymide  |                    |                      |          |
| Descrición xeral      | Esta materia proporcionará claves para analizar e valorar as políticas de emprego que se están levando a cabo nos contextos galego, español e europeo, de xeito que se interioricen como ferramentas de traballo desde un dobre rol: primeiro como futuro/a persoa en busca de emprego que terá que usalas para a súa propia inserción, e segundo, como futuro/a educador/a que terá que desenvolver programas formativos e de inserción na comunidade. Transversalmente, o alumnado valorará criticamente a perspectiva institucional do escenario sociolaboral non que estamos a vivir e as alternativas posibles ao incremento das desigualdades sociais. |                    |                      |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A3                                  | Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.   |
| A5                                  | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.   |
| A8                                  | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos   |
| A15                                 | Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.   |
| A16                                 | Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.  |
| A17                                 | Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.   |
| A20                                 | Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.  |
| B1                                  | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.   |
| B2                                  | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.   |
| B5                                  | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.   |
| B6                                  | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |

| Resultados da aprendizaxe  |  |                                     |          |
|--|--|-------------------------------------|----------|
| Resultados de aprendizaxe  |  | Competencias / Resultados do título |          |
| Identificar e analizar o escenario sociolaboral e as políticas de emprego, recollendo e utilizando para isto a información a través das TICs |  | A3<br>A5<br>A8                      | B1<br>C3 |



|   |                              |                |          |
|---|------------------------------|----------------|----------|
| Interesarse pola orientación profesional como medida activa de emprego na que pode intervir o/a educador/a social   | A16<br>A17                   |                |          |
| Analizar, sintetizar e valorar criticamente as políticas de emprego actuais a nivel autonómico, estatal e europeo, manexando distintas fontes de información que lle permiten exercer unha cidadanía crítica e formular solucións orientadas ao ben común | A3<br>A5<br>A8<br>A15<br>A17 | B1             | C4       |
| Deseñar a diagnose dunha comarca galega e propoñer alternativas de actuación desde a perspectiva do/a educador/a social   | A3<br>A5<br>A15              | B1             |          |
| Deseñar un dossier utilizando as TICs no que se plasmen os resultados de aprendizaxe adquiridos   | A3<br>A5                     | B1<br>B2       | C3       |
| Integrar actitudes éticas e deontolóxicas ao valorar criticamente as políticas activas de emprego e ao transmitir criticamente a información desde o rol de educador/a social   | A3<br>A5                     | B1<br>B5<br>B6 | C1       |
| Utilizar as TICs nos procesos de simulación de orientación das persoas desempregadas  | A15<br>A17                   |                | C3       |
| Interiorizar desde o punto de vista do educador/a social a importancia da cultura emprendedora como elemento alternativo ao traballo por conta allea, así como a importancia da formación ao longo da vida  | A16<br>A17                   |                | C5<br>C7 |
| Elaborar o seu itinerario formativo a longo prazo, incluíndo as súas necesidades de formación no campo das TICs   | A17                          |                | C3<br>C7 |
| Utilizar o galego a nivel escrito e oral coa calidade lingüística requerida   |                              |                | C1       |
| Coñecer referentes profesinoais no ámbito da inserción laboral que teñen o galego como lingua de traballo   | A20                          |                | C4       |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| TEMA I. O escenario sociolaboral                                  | A evolución do traballo. Análise da profesión de educador/a social<br>A evolución do desemprego. Actuacións segundo o tipo de desemprego<br>Competencias actuais que require o mercado laboral<br>O papel da formación profesional no escenario sociolaboral<br>A muller no escenario sociolaboral actual. Situación e perspectivas   |
| TEMA II. As políticas de Emprego: evolución e situación actual    | As políticas de Emprego na Unión Europea. FEDER, FSE, Emprego e Innovación social (Progress, Eures), Erasmus +<br>As políticas de Emprego en España: Estratexia europea para o emprego en España, Programa Nacional de Reforma, Estratexia española par ao emprego, PAPE<br>As políticas de Emprego en Galicia: convocatorias concretas   |
| TEMA III. A orientación profesional como medida activa de emprego | Organización da orientación profesional en Galicia<br>Profesionais implicados na orientación profesional<br>Accións a desenvolver na orientación profesional. Accións individuais. Accións grupais<br>Fases no proceso de orientación profesional: autoconhecimento, o perfil profesional, o mercado laboral, fontes de información laboral, procesos selectivos, ferramentas na busca de emprego, seguimento do proceso de busca de emprego<br>O autoemprego. Alternativas |

| Planificación         |                           |   |                         |              |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Mapa conceptual       | A3 A5 B1 B2               | 1                                       | 8                       | 9            |



|                               |                                    |    |    |    |
|-------------------------------|------------------------------------|----|----|----|
| Análise de fontes documentais | A5 A15 B1 C3 C4 C5                 | 2  | 10 | 12 |
| Discusión dirixida            | A8 A16 A17 B1 B5 B6<br>C1 C4 C5 C7 | 12 | 2  | 14 |
| Portafolios do alumno         | B2                                 | 2  | 20 | 22 |
| Traballos tutelados           | C3 C7                              | 2  | 12 | 14 |
| Lecturas                      | C4 C7                              | 1  | 6  | 7  |
| Sesión maxistral              | A3 A5                              | 21 | 46 | 67 |
| Seminario                     | A20 C4                             | 2  | 0  | 2  |
| Actividades iniciais          | A3                                 | 1  | 0  | 1  |
| Atención personalizada        |                                    | 2  | 0  | 2  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Mapa conceptual               | O alumnado confeccionará un mapa conceptual no que establecerá as relacións dos conceptos aprendidos na materia   |
| Análise de fontes documentais | O alumnado buscará na rede información e documentos necesarios para realizar os exercicios propostos na aula  |
| Discusión dirixida            | O alumnado discutirá sobre a situación sociolaboral actual, as políticas de emprego desenvolvidas e o seu rol como educadores/as á hora de levar a cabo unha orientación laboral  |
| Portafolios do alumno         | O alumnado recollerá nun portafolio os exercicios realizados durante o período da materia. Este portafolio servirá para avaliar ao alumnado e conterá tamén unha valoración final das aprendizaxes realizadas.  |
| Traballos tutelados           | O alumnado elaborará distintos exercicios propostos na aula baixo a supervisión do profesor   |
| Lecturas                      | O alumnado terá que introducirse no hábito de lectura como fonte de actualización profesional importante para a toma de decisións con fundamento, para isto consultará diariamente o DOG na busca de información relevante para a materia   |
| Sesión maxistral              | O profesor explicará os conceptos teóricos da materia utilizando tamén o diálogo dirixido e facendo partícipe ao alumnado nas clases, de xeito que resulten máis dinámicas e interactivas   |
| Seminario                     | Forma parte do Programa Piloto para a docencia en galego no Grao de Educación social. A súa finalidade é dupla. Por unha parte, trátase de visibilizar referentes profesionais que utilizan o galego como lingua de traballo. Por outra, permite achegar praxes profesionais vencelladas á inserción laboral de diferentes colectivos |
| Actividades iniciais          | O profesor realizará unha actividade inicial de sondeo para analizar as ideas previas do alumnado sobre a materia en cada unha das sesións e así conectalas coa información que se vai proporcionar nesa clase  |

| Atención personalizada  |   |
|---|---|
| Metodoloxías  | Descrición  |
| Traballos tutelados<br>Portafolios do alumno<br>Mapa conceptual | Na atención personalizada o profesor resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia.<br>Esta atención personalizada realizarase no despacho do profesorado no horario de tutorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, na páxina web do departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación como da Facultade de Ciencias da Educación. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|              |                           |            |               |



|                       |    |   |     |
|-----------------------|----|---|-----|
| Portafolios do alumno | B2 | <p>O portafolio estará formado por todos os exercicios que se vaian facendo ao longo da materia, máis unha valoración final por parte do alumnado das aprendizaxes realizadas na materia. Os traballos a incorporar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Análise semanal do DOG durante o período lectivo. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente, por cada unha das políticas que se publican. Valorarase a presentación, a síntese da información contida na ficha, e o número de políticas recompiladas.</li><li>- Exercicio de autoconhecimento. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.</li><li>- Exercicio de ficha ocupacional. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.</li><li>- Exercicio de análise da formación. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.</li><li>- Exercicio de mapas conceptuais. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a síntese da análise.</li><li>- Exercicio sobre ferramentas de busca de emprego. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a síntese da análise.</li><li>- Exercicio de valoración final. Aprendizaxes adquiridas na materia (qué sabía, que aprendín, en qué seguir formándome). Relación/vinculación das aprendizaxes realizados coas materias cursadas no grao. Aspectos da materia observados no Practicum I e aspectos da materia a observar no Practicum II. Reflexións sobre a materia e aspectos a mellorar.</li></ul> | 100 |
|-----------------------|----|---|-----|

## Observacións avaliación

### ASISTENCIA

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. A asistencia xustifícase en base a que as clases son moi interactivas e se traballan aspectos procedimentais e actitudinais que son necesarios para aprobar a materia.

O alumnado con asistencia regular, que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade, terá que facela individualmente e entregala no prazo indicado na clase.

O alumnado que non asistan ó 80% das horas de clase terá unha cualificación de non presentado.

O alumnado que non presente todos os traballos da materia terá unha cualificación de non presentado.

Na oportunidade de xullo, o alumnado realizará un exame teórico sobre os contidos tratados na aula.

Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial solicitarán unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer o réxime de asistencia, as actividades a realizar, o sistema de avaliación, e o proceso de supervisión e seguimento.

### REQUIRIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA

A cualificación final será o resultado da puntuación obtida no portafolio do alumnado, sendo indispensable obter a metade da cualificación para superar a materia.

Se un/ha alumno/a non acadou o 80% da asistencia e/ou non presenta o portafolio, terá unha cualificación de non presentado.

Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico sobre os contidos tratados na aula.

PLAXIO: O plaxio en calquera das actividades realizadas durante a materia, incluído o portafolio, será motivo de suspenso.

FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA: Asinar na folla de asistencia por un/unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua.

### NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_I.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf)

## Fontes de información



## Bibliografía básica

- Echeverría, B. (Coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC
- Ministerio de educación (2006). Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Ministerio de trabajo (2015). RDL 3/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Empleo.
- Ministerio de trabajo (2002). Ley 5/2002, de 19 de junio, de las cualificaciones y de la formación profesional.
- Incual (2019). Páxina principal do Incual. <http://incual.mecd.es/>.
- Xunta de Galicia (2019). Páxina sobre as competencias clave. <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-competencias-clave;jsessionid=F719B6C003E7D4F2A9D2CBA7AE0818D3>.
- Ministerio de educación (2011). REAL DECRETO 1147/2011, de 29 de julio, por el que se establece la ordenación general de la formación profesional del sistema educativo. (BOE del 30 de julio de 2011)..
- Ministerio de trabajo (2007). REAL DECRETO 395/2007, de 23 de marzo, por el que se regula el subsistema de formación profesional para el empleo.
- Ministerio de trabajo (2015). LEY 30/2015, de 9 de septiembre, por la que se regula el Sistema de Formación Profesional para el empleo en el ámbito laboral.
- Xunta de Galicia (2019). Páxina sobre o recoñecemento das competencias profesionais. <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional>.
- Gallego Bono, J. R. y Nácher Escriche, J. M. (2001). Elementos básicos de economía: un enfoque institucional. Valencia: Tirant lo Blanch
- Bernard García, Roberto (2014). Guía de financiación europea. Programas Sociales 2014-2020. Madrid: Plataforma de ONG de Acción Social
- Comisión europea (2019). Estrategia Europea de Empleo. Recuperado de: <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=101&langId=es>.
- Moncloa (2019). Programa Nacional de Reformas. Recuperado de: <http://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/prensa/ficheros/noticias/2018/PNR2019.pdf>.
- Ministerio de trabajo (2014). Real Decreto 751/2014, de 5 de septiembre, por el que se aprueba la Estrategia Española de Activación para el Empleo 2014-2016..
- Ministerio de trabajo (2015). Resolución de 29 de julio de 2015, de la Secretaría de Estado de Empleo, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 24 de julio de 2015, por el que se aprueba el Plan Anual de Polí.
- Ministerio de trabajo (2003). LEY 56/2003, de 16 de diciembre, de Empleo (BOE del 17 de diciembre de 2003)..
- Homs, O (2008). La formación profesional en España. Hacia la sociedad del conocimiento . Barcelona: Fundación ?La Caixa?.
- Sánchez García, M. F. (2004). Las exigencias de adaptación al mundo laboral. En Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio.. Madrid: Sanz Torres
- Navarro, V. Torres, J. e Garzón, A. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España.. Madrid: Editorial Sequitur Castillo, J. J. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro.. Madrid: Editorial Catarata García, J. A e Saban, C (coords) (2008). Un nuevo modelo de formación para el S XXI. La enseñanza basada en competencias. Barcelona: Editorial Davinci Vence, X. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Lairovento Ruiz Viñals, C. (Coorda) ((2006)). Políticas sociolaborales. Un enfoque pluridisciplinar.. Barcelona: Editorial UOC Garzón, A.; Torres, J. e Navarro, V. (2012). Lo que España necesita . Bilbao: Editorial Deusto



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>Bastida, A. (2001) La inserción sociolaboral. Reflexiones sobre la práctica. Madrid, Popular. Carmona, G. (2001). El plan personal para la inserción socio-laboral: teoría y práctica en la empresa para la inserción laboral. Huelva, Universidad de Huelva</p> <p>Casal, J. (2000). ?Modalidades de transición profesional y precarización del empleo?, en Cachón, L. (ed.). La inserción profesional. Alzira, Germania, pp. 151-180</p> <p>GALLART, M.A. (2002). Educación y trabajo. Montevideo, Cinterfor.</p> <p>MARHUENDA, F. (coord.)(2006). La cualificación profesional básica: competencias para la inclusión sociolaboral de jóvenes. Revista de Educación, nº 341.</p> <p>Navarro, V. Torres, J. e Garzón, A. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España.. Madrid: Editorial Sequitur</p> <p>Castillo, J. J. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro.. Madrid: Editorial Catarata</p> <p>García, J. A e Saban, C (coords) (2008). Un nuevo modelo de formación para el S XXI. La enseñanza basada en competencias. Barcelona: Editorial Davinci</p> <p>Vence, X. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento</p> <p>Ruiz Viñals, C. (Coorda) ((2006)). Políticas sociolaborales. Un enfoque pluridisciplinar.. Barcelona: Editorial UOC</p> <p>Garzón, A.; Torres, J. e Navarro, V. (2012). Lo que España necesita . Bilbao: Editorial Deusto</p> |
|------------------------------------|--|

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Orientación ocupacional/652G03021

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

### Observacións

Orientación e Políticas de Emprego complementa os contidos da materia Orientación Ocupacional. Permite analizar a evolución e características actuais do mercado laboral, das políticas de emprego desenvolvidas na Unión Europea, en España e en Galicia, así como distintas olladas sobre as reformas laborais e das pensións e sobre a actual crise e como se pode atallar.

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías